

## ACTA XUNTANZA CONSELLO CAMPUS PONTEVEDRA

**Lugar:** videoconferencia Campus Remoto da Uvigo: Sala 15 de Reitoría (Vice. Campus PO)

**Data:** 15 de outubro de 2020

**Hora de comezo:** 12:00 h

**Hora de remate:** 14:30 h

**Presidente:** Manuel Joaquín Reigosa Roger

**Asistentes:** Manuel Joaquín Reigosa Roger, Jorge Soto Carballo, Ana Belén Fernández Souto, Eva M<sup>a</sup> Lantarón Caeiro, Álvaro Xosé López Mira, Lucrecia M<sup>a</sup> López Rubianes, Purificación Marcet Miramontes, Carlos Mollinedo Lois, Juan Picos Martín, Xosé Manuel Baamonde Silva, Vicente Romo Pérez e Sara M<sup>a</sup> Torres Outón. Tamén intervén a vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria, Natalia Caparrini Marín e o vicerreitor de Planificación e Sostibilidade, José Luis Míguez Tabares.

### 1. Aprobación da acta da sesión anterior e das modificacións da acta do 28 de maio 2020

Álvaro López Mira pregunta se a acta remitida é a corrixida. Jorge Soto indica que é a xa corrixida e López Mira indica que non. Apróbase por asentimiento coa corrección pertinente.

### 2. Informe do Presidente

O reitor ofrece a súa visión sobre o campus de Pontevedra e indica que está fisicamente moi ben situado en comparación con outros campus de Galicia. Tamén di que somos o campus que ten menos oferta de graos pero con gran éxito na captación de alumnado. Nos datos específicos deste curso destaca unha evolución positiva na matrícula de primeiro grao en toda a Uvigo. Comenta que estamos a ter máis éxito na captación de alumnos pero tamén hai un descenso no número de graduados e este aspecto hai que coidalo. Ademais indica que se debería aumentar a oferta de máster no campus de Pontevedra.

En canto ao PDI, Pontevedra é o campus da Uvigo que mellor ratio ten entre o total de PDI a tempo completo e alumnos.

Sobre a produción científica, o campus de Pontevedra ten que mellorar xa que só ten o 10,68% da Uvigo, aínda que o Reitor recoñece que neste campus hai menos peso das titulacións tecnolóxicas que soen ser as que máis produción teñen.

O Presidente afirma que en Pontevedra hai grupos de investigación con potencial, pero non hai agrupamento para poder competir a nivel galego.

Como retos do campus, confirma que se deben centrar os esforzos no novo título de Grao de Deseño, na organización de novos PCEOs, de graos abertos e a creación de novos espazos para edificios. Tamén dentro dos retos do campus, lembra que hai que concentrar esforzos na acreditación do campus CREA, no novo mapa de titulacións, na captación de alumnos para Enxeñaría Forestal, en crear novos mestrados propios e centros no campus e na posta en marcha do edificio de Benito Corbal.

### 3. Informe do vicerreitor do Campus de Pontevedra:

O vicerreitor de campus agradece a sensibilidade do Reitor e o seu equipo co campus de Pontevedra.

Agradece tamén ao decano Xosé Manuel Baamonde Silva, e ao seu equipo a súa labor a cargo da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación nos últimos anos.

Indica que neste campus se están a facer melloras nas infraestructuras existentes (melloras na accesibilidade aos centros, mantemento e reparacións dos mesmos, instalación de ventilación forzada no pavillón universitario, mellora no cambio de tuberías na Escola de Enxeñaría Forestal, apertura de porta no parking da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, instalación dun parque infantil na escola infantil, etc.).

Informa tamén de que hai un xestor de proxectos europeos no campus e está a disposición de todos os investigadores.

Indica que está un pouco parado o tema da acreditación do campus CREA pero se está a traballar neso, ao igual que a organización do modelo de gobernanza do campus.

Estase a dar un pulo importante á participación dos grupos do campus en proxectos internacionais. Continúa o vicerreitor indicando o apoio ao programa de doutoramento do campus, os últimos detalles para a saída da revista CREA, que se segue a traballar no Green Campus e que se está a crear a Asociación Universitaria de Tempo libre de Ourense e Pontevedra (ESTOUPO).

Remata a súa intervención informando da planificación cultural do campus.

#### 4. Intervención da vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria.

A vicerreitora informa sobre os datos de matrícula de grao e reitera as informacións aportadas polo Reitor. Insiste no éxito da última convocatoria.

## Grao

Campus de Pontevedra				
Código	Estudo	Límite de Prazas	Ocupadas	%
P01G010V01	Grao en Belas Artes	130	141	108.46
P02G050V01	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	100	105	105.00
P04G071V01	Grao en Comunicación Audiovisual	45	54	120.00
P04G092V01	Grao en Dirección e Xestión Pública	25	20	80.00
P04G095V01	Grao en Dirección e Xestión Pública	20	19	95.00
P02G110V01	Grao en Educación Infantil	75	85	113.33
P02G120V01	Grao en Educación Primaria	75	89	118.67
P51G140V01	Grao en Enfermería	50	51	102.00
P03G370V01	Grao en Enxeñaría Forestal	45	30	66.67
P52G381V01	Grao en Enxeñaría Mecánica	78	0	0
P05G171V01	Grao en Fisioterapia	50	54	108.00
P04G190V01	Grao en Publicidade e Relacións Públicas	100	109	109.00
<b>Nº. de Prazas Ocupadas no Campus de Pontevedra :</b>		<b>757</b>		

En canto á oferta de Máster, os datos tamén superan as expectativas que se tiñan.

## Master

Límite de Prazas e Prazas Ocupadas por Titulación - 2020/2021		Límite de Prazas e Prazas Ocupadas por Titulación - 2020/2021 - 2º prazo		
Campus de Pontevedra				
Código	Estudo	Límite de Prazas	Ocupadas	%
P04M176V01	Máster Universitario en Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais	25	24	96.00
P01M171V01	Máster Universitario en Deseño e Dirección Creativa en Moda	25	18	72.00
P04M082V01	Máster Universitario en Dirección de Arte en Publicidade	35	34	97.14
P02M163V01	Máster Universitario en Dirección Integrada de Proxectos	20	20	100.00
P04M125V01	Máster Universitario en Dirección Pública e Liderado Institucional	25	25	100.00
P52M182V01	Master Universitario en Dirección TIC para a defensa	25	21	84.00
P02M178V01	Máster Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria	20	20	100.00
P02M156V01	Máster Universitario en Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde	15	11	73.33
P02M081V02	Máster Universitario en Necesidades específicas de apoio educativo	35	34	97.14
P02M066V06	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade (Pontevedra): Orientación	8	8	100.00
P02M066V12	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Arte e Debuxo	20	20	100.00
P02M066V03	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Ciencias Experimentais. Educación Física	20	20	100.00
<b>Nº. de Prazas Ocupadas no Campus de Pontevedra :</b>		<b>273</b>	<b>255</b>	<b>93,41%</b>

A vicerreitora informa sobre a actividade da área de captación de alumnado e comenta as

actividades realizadas antes da pandemia e a reformulación de aquelas que foron necesarias reformar: xornadas de orientación universitaria virtual, xornada de portas abertas virtual, conecta co SIE e a creación dun buscador de graos na web. A vicerreitora amosa o calendario de actividades das xornadas comarcales (7) que se celebrarán a través do campus virtual. Comenta que se é posible asistir ás feiras presenciais, tamén se fará. Tamén se fará unha quenda de xornadas cos orientadores dos institutos. Como novidade ofertaranse charlas de divulgación científica por áreas de coñecemento nos IES.

Sobre o programa Steinbach comenta que se recoñecerá a actividade de titorizado para o PDI que participe neste programa

A vicerreitora informa sobre a actividade da área de emprendemento e comenta dúas iniciativas:

-os xoves empregables (12 sesións en liña con especialistas para traballar competencias ligadas á empregabilidades)

-Convocatorias INCUVI, que están a piques de ser publicadas.

Por último, a vicerreitora informa sobre a actividade da área de extensión universitaria e indica que haberá novidades nos obradoiros de extensión universitaria, xa que se pode dar en formato mixto ou virtual; se manteñen as axudas para saídas de estudos e como novidade deste curso, se lanza o proxecto E-Destrezas.



O prof. Álvaro López Mira pregunta polo dato desglosado do alumnado do Grao en Dirección e Xestión Pública virtual e presencial. A vicerreitora respóndelle que llo fará chegar. Posteriormente confirma que son 27 alumnos presenciais e 29 virtuais.

Álvaro López Mira comenta que se podería facer unha acción específica para captar alumnado virtual. A vicerreitora indica que se farán reunións para coordinar accións concretas para cada titulación.

Juan Picos Martín pregunta polas charlas informativas organizadas pola Escola de Enxeñaría Forestal. A vicerreitora lle confirma que sí están contempladas, pero que están agrupadas por temática e non por centro. Posteriormente a vicerreitora confirma que non estaban incluídas esas charlas pero o subsanarán o antes posible.

## 5. Intervención do vicerreitor de Planificación e Sostibilidade.

O vicerreitor comenta as melloras levadas a cabo no campus de Pontevedra con motivo da Covid. Farase fincapé na prevención temperá (a través de probas permanentes de PCR); - Identificación de etiquetas QR; -Campus integra; -Compra de tabletas e portátiles e cámaras visualizadoras; -preparación de aulas informáticas con anteparos; -aumento da cobertura wifi; -creación de novos espazos ou reforzar aulas; -compra de material de protección

(mamparas, protectores faciais, máscaras, abrepertas, xel hixienizante); -sinalización e cartelería nos espazos; -sistemas de ventilación; -formación (a través de faitic e MooVi); -Apostar por enerxías renovables e sustentables (monitorización de instalación fotovoltaicas e instalación do district heating Biomasa).

O Prof. Álvaro López Mira pregunta se hai os dispositivos de limpeza de aire e se solicitan ou se enviarán directamente aos centros, sen solicitude previa. O vicerreitor indica que se debe solicitar pero comenta que a clave é ter unha boa ventilación e manter a distancia de seguridade e o uso de máscara. O Prof. Mira insiste en que hai espazos nos que non se pode ventilar.

## 6. Rogos e preguntas

O Prof. Vicente Romo agradece ao vicerreitor de Planificación e Sostibilidade o esforzo coas enerxías renovables e di que hai que insistir e dalo a coñecer á sociedade. Vicente Romo pregunta se está previsto facer máis investimento neste ámbito dadas as axudas do Inega e da UE. Anima ao equipo reitoral a tentar acadar as emisións 0 na uvigo. O vicerreitor comenta a intención de presentarse a subvencións que supoñan o 80% a fondo perdido e confirma que se pretende seguir facendo investimento neste campo.

Carlos Mollinedo plantexa unha batería de preguntas:

- pregunta onde se pode consultar a captación de alumnado no campus de Pontevedra. O Reitor indica que o informe estará a disposición de todos os membros do Consello de Campus. A vicerreitora Natalia Caparrini di que os datos non son definitivos, pero que no momento en que sexan definitivos estarán colgados no portal de transparencia.
- Comenta tamén que somos o campus con maior número de profesorado en precario, polo que a súa produción científica é menor. O Reitor di que hai diferencias pero hai máis diferenzas entre titulacións que entre campus e que é preciso facer unha reflexión ao respecto.
- Indica que o estado da eskeira que conecta o campus coa estrada, que está chea de silvas. O vicerreitor Jorge Soto indica que se solventará nuns días.
- Pregunta polas instalación de calefacción, xa que non hai información ao respecto sobre cómo afectará ó que xa está instalado. O vicerreitor de Planificación di que se trata dunha aposta pola sustentabilidade, pero que xa se informará de como funciona.
- Pregunta pola situación dos resultados das PCR e lle sorprende que non houbese ningún positivo en tantas probas.
- Indica unha falta de compromiso dalgúns centros, en canto á normativa de fumar e permitir reunións de grupos nas entradas dos edificios. Comenta que na entrada da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación se concentran grupos de persoas para fumar, sen máscara, nunha zona de paso. O vicerreitor Jorge Soto indica que se están a plantexar unha campaña para concienciar sobre este tema.
- Pide un estudo sobre a valoración da docencia non presencial. O Reitor contesta que se está a deseñar unha normativa estatal neste sentido. Confirma tamén que se fará unha aposta pola captación de alumnos no ámbito online, como se fixo co Grao en Dirección e Xestión Pública.
- Pregunta polo custe real da adaptación da Universidade de Vigo ao COVID, canto lle suporá aos orzamentos da Uvigo e canto se aportará por outras institucións. O Reitor indica que inicialmente se asumiron con fondos propios e posteriormente se negociou unha aportación por parte da Xunta de Galicia. Aínda se están a negociar os repartos cos fondos que veñen de Madrid. En calquera caso, o Reitor informará deste tema no Claustro e di que se rondan os 2 millóns de euros de gastos non previstos. O Reitor comprométese a facer pública esta información.
- Despídese de Xosé Manuel Baamonde Silva como Decano e agradece a súa labor.
- Finalmente pregúntalle ao reitor cando pode ter unha reunión con él. O Reitor recoñece un fallo e lle indica que planificarán o encontro canto antes.

- Insiste en que é positivo que a Universidade sexa transparente e que faga máis divulgación para dar a coñecer o seu compromiso na loita contra o Covid

O Reitor agradece tamén a labor de Xosé Manuel Baamonde Silva como Decano da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.

Eva M<sup>a</sup> Lantarón Caeiro comenta que todos os anos na súa titulación hai problemas coa contratación de profesorado e pregunta se hai intención de abrir un novo concurso de profesorado para o segundo cuadrimestre e que se convoquen novas prazas de Axudante Doutor. O Reitor resposta que pensa que cando hai outra docencia sobrevida hai que optar por outras figuras e non a de Axudante Doutor.

Eva M<sup>a</sup> Lantarón Caeiro felicita ao equipo reitoral polo traballo realizado, sobre todo en canto ás medidas Covid.

En sen máis asuntos que tratar remata a sesión na hora arriba indicada